



EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa E-MULLER

Entidade executante

Asociación ÉRGUETE (<https://www.fundacionerguete.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese na área sanitaria de Vigo.

Persoas destinatarias

Mulleres con conductas adictivas e outras patoloxias en risco ou vulnerabilidade. Durante o ano 2013 atendéronse a 35 mulleres.

Obxectivos

Obxectivo xeral

Promover un maior empoderamento das mulleres con conductas adictivas na toma de decisión que lles competen como grupo, a partir da xeración de espacios de participación e interacción social que posibiliten unha análise das percepcións, opinión propostas e expectativas.

Incorporar a perspectiva de xénero na intervención con mulleres drogodependientes durante o proceso de acompañamiento nas distintas etapas de intervención.

Obxectivos específicos:

Servizo/espazo “makerspaces” ou *espazo de creación persoal* de acollida.

Motivar para acollerse a procesos de cambio a longo prazo.

Identificar medidas de control externo e interno que faciliten procesos de cambio.

Identificar e acompañalas para o descubrimento dos recursos persoais e apoios externos.

Identificar situacions de risco específicas das mulleres.

Desenvolver estratexias de prevención de recaídas.

Desenvolver habilidades relacionales.

Detectar posibles áreas de conflicto.

Metodoloxía

Enmárcase no eixo da intervención participativa entre persoas usuarias e profesionais; con estratexias de acción social e comunicación dual entre quien planifica a intervención e o colectivo de mulleres con conductas adictivas. Preténdese que as técnicas participativas expostas nesta intervención teñan como finalidade a transformación social para este colectivo, favorecendo a creación de espazos de participación e empoderamento das mulleres.